


O Monte do Cura



O espazo en que te achas era coñecido como O Monte do Cura. A casa reitoral onde moraba o cura párroco de San Vincenzo de Elviña estaba moi próxima, no lugar que se chamaba O Escorial, e contaba cunha enorme extensión de terra onde se localizaban A Fraga, O Monte do Crego, O Monte do Cura, A Horta do Cura, o río do Cura etc. A carón destas terras para beneficio do párroco sitúase O Monte Aberto, que é un vestixio toponímico dun monte comunal da veciñanza e que seguramente estea na orixe deste terreo parroquial.

